



## **Raid de Aventura**

### **VIII LIGA GALEGA**

### **Regulamento Tempada 2012**

#### **Introdución**

Oito anos de raids de aventura, compartindo un proxecto consolidado, que cada vez sorpréndenos con máis participación, con máis organizacións, e unha calidade cada vez maior, todo co gallo da orientación e os deportes na natureza, que nos obriga a seguir traballando para mellorar.

2 categorías, 2 formatos -Elite (3 membros sempre en competición), e Aventura (2+1 reserva asistencia), e a posibilidade para os organizadores de incorporar un percorrido de iniciación - Orienta-Raid (2 membros sempre en competición e sen límite de compoñentes), que nos permiten cumprir cos nosos obxectivos, aumentando ou diminuindo a dificultade ó elixir a categoría que cada un estime oportuna, para poder competir o noso nivel ou simplemente pasar un bo día de lecer na natureza, sen esquecer a dualidade deste deporte, a puramente competitiva e a de turismo activo.

Un deporte integrador único, tamén en canto que compiten na mesma categoría homes e mulleres, sen distinción de sexo ou idade.

#### **Calendario 2012**

- |   |  |
|---|--|
| <b>1ª Proba, xx MARZO en XERMADE</b> (A Coruña),              | organiza<br><b>SOMOZAS</b>             |
| <b>2ª Proba, 14 ABRIL en XXXX</b> (A Coruña),                 | organiza<br><b>S.E.O.</b>              |
| <b>3ª Proba, 12-13 MAIO en SOMOZAS Extreme</b> (A Coruña),    | organiza<br><b>GALLAECIA</b>           |
| <b>4ª Proba, 26 MAIO en FERROL</b> (A Coruña),                | organiza<br><b>Montaña FERROL</b>      |
| <b>5ª Proba, 7 XULLO en NEGREIRA</b> (A Coruña),              | organiza<br><b>ARTABROS</b>            |
| <b>6ª Proba, 1 SETEMBRO en XXXX</b> (A Coruña),               | organiza<br><b>BOMBEIROS CORUÑA</b>    |
| <b>7ª Proba, 15 SETEMBRO - III PontevedRAID</b> (Pontevedra), | organiza<br><b>MONTAÑEIROS A ROELO</b> |



## Información

Na Web de AGaCO: [www.agaco.es](http://www.agaco.es)

Nas webs oficiais de cada proba.

## Requisitos de participación

**ARTIGO 1.-** Para participar nas probas do calendario oficial da Liga Galega de Raids de Aventura e puntuar no seu ranking, será obrigado ter 16 anos cumpridos ou máis (menores de 18 anos con autorización familiar) e estar sempre acompañado por 1 maior de idade en carreira, a excepción das probas de Liga Española que obrigatoriamente serán maiores de 18 anos. Tamén se deberá estar en posesión da licenza de Raid da FEDO na súa versión anual ou de fin de semana.

## Regulamentos

**ARTIGO 2.-** A Liga Galega de Raid de Aventura estará suxeita, 1º ás normas propias expostas neste regulamento, 2º as normas particulares de cada organizador sen contradicir as normas FEDO, e 3º nos aspectos non recollidos nas mesmas aos regulamentos de Raid da FEDO.

## Normas

**ARTIGO 3.-** Estas normas serán de aplicación en tódalas probas que integran esta liga.

### **ARTIGO 4.- Formato de competición**

**4.1.-** Cada proba estará constituída por varias seccións cunha duración entre 6 e 10 horas para probas de 1 día, e non máis de 30 h para probas de 2 días.

**4.2.-** A organización enviará, por medio dunha circular directa os equipos inscritos e publicado na web oficial, a programación horaria do día da proba e un guión cos puntos a tratar na Xuntanza Previa (briefing), cunha antelación mínimo de 24 horas.

**4.3.-** Toda a información da proba e as súas seccións estará recollida no libro de ruta elaborado pola organización e entregado os equipos antes da saída da mesma. No mesmo deberá constar obrigatoriamente, nas etapas en liña, a información do tempo e distancia mínima a percorrer na etapa ou sección, para que os equipos poidan valorar e planificar as súas posibilidades.

**4.4.-** Os puntos de paso perigoso, ademáis de indicarse no libro de ruta en na xuntanza previa, deberán estar reflexados e sinalados nos mapas dos percorridos, xa que esta é a verdadeira guía do equipo.



**4.5.-** É decisión de cada equipo o percorrido a seguir, unha vez recibidos os mapas da sección cos puntos obrigados de saída e chegada, así como o resto dos puntos de control (PC) debidamente sinalados segundo normativa IOF, decidindo a orden de visita dos PC e progresando autonomamente utilizando só os medios permitidos segundo libro de ruta. A organización poderá sinalar como obrigados os PC que estime oportunos.

**4.6.-** A organización establecerá as HORAS de CORTE que estime necesarias, así mesmo establecerá a HORA de PECHE na meta da proba, os equipos que superen estes horarios, serán penalizados segundo recolle o artigo 8 destas normas. Si algún equipo fose NEUTRALIZADO, segundo seu caso, as horas de corte e peche aumentarán na mesma cantidade de tempo.

**ARTIGO 5.- Formato de Equipo.** Son competicións de equipo cas seguintes categorías:

**5.1.- ELITE**, categoría obrigada con formato 3+asistencia, tres compoñentes sempre en competición e unha asistencia.

**5.2.- AVENTURA**, categoría obrigada con formato 2+1 reserva-asistencia, dous compoñentes sempre en competición e un posible reserva-asistencia, que poderá substituír ós seus compañeiros nos puntos indicados pola organización.

**5.3.- ORIENTA-RAID**, categoría de iniciación optativa para ós organizadores das probas, a posibilidade de facer un percorrido de iniciación (apto para tódolos públicos, sen dificultades técnicas), con formato 2+sen límites, dous compoñentes sempre en competición e sen límite de compoñentes reservas-asistencias, que poderán substituír ós seus compañeiros nos puntos indicados pola organización.

**ARTIGO 6.- Compoñentes e nome de equipo**

**6.1.-** Para favorecer a formación de equipos, e por tanto a promoción deste deporte (obxectivo principal desta liga), **non haberá ningunha limitación na formación de equipos** que participen en cada proba e **que NON puntúen no ranking galego**.

**6.2.- Tódolos equipos que participen nunha proba do calendario e pertencen a un club AGaCO puntuarán para o RANKING GALEGO**, sempre que cumpran os requisitos recollidos no artigo 6 destas normas. Sendo responsabilidade dos clubs organizadores, remitir o arquivo completo á persoa encargada de elaborar o ranking (indicado no final destas normas) por e-mail (no formato excell oficial remitido ás organizacións) cos seguintes datos: CLASIFICACIÓNS FINAIS por CATEGORIA, POSTO ACADADO polo EQUIPO, NOME do EQUIPO, CLUB de PERTENZA, Nº PUNTOS validados, TEMPO EMPREGADO, MIXTO (SI ou NON), COMPOÑENTES (nome e apelidos, nº licenza anual raid ou d.n.i. e data de nacemento). Os equipos que non cumpran os requisitos recollidos no artigo 6 desta normativa, segundo a información enviada polos organizadores, non sumarán a puntuación obtida en dita proba no ranking galego.



**6.3.-** Non haberá limitación no número de compoñentes que participen cun **equipo que puntúe no ranking**, pero cada persoa durante a mesma tempada, só poderá competir en diferentes equipos que puntúen para o ranking sempre que estes equipos pertencen ó mesmo club.

**6.4.-** Cando un **equipo que puntúe no ranking** da liga modifique o seu nome, deberá informar convenientemente á persoa ca responsabilidade de elaborar o ranking, antes da celebración da proba na que participen cun nome diferente, para que se lle poidan sumar os resultados a un mesmo equipo con diferentes nomes.

## **ARTIGO 7.- Material**

**7.1.- Material de Seguridade (SG).** Cando as organizacións esixan material de seguridade, deberán indicalo expresamente, tanto nos boletíns informativos como no libro de ruta, e acompañalo sempre o final cas siglas entre parénteses (SG). Dito material terá o tratamento de imprescindible no seu correcto uso, para realizar a sección ou proba especial. **NON LEVAR, OU NON UTILIZAR CORRECTAMENTE** este material, suporá a **DESCLASIFICACIÓN INMEDIATA** do equipo. Caso de ser advertido pola organización da falta do elemento de seguridade (SG), e sempre que o equipo subsane inmediatamente a infracción, poderá continuar en competición.

### **7.2.- Material Obrigado por equipo sempre en carreira:**

- 1 Asubío e coñecer o código morse de SOS (...---...)
- 1 Manta térmica por compoñente
- Teléfono móbil co nº PIN (caso de telo) pegado por fora, que non poderá ser utilizado máis que en caso de emerxencia, o seu uso suporá a desclasificación da proba.
- Outros elementos obrigatorios que cada organización considere necesarios para a súa proba.

**7.3.- Control de Material Obrigado.** Tódalas organizacións terán a obriga de facer un control de material obrigado durante o transcurso da proba, o punto de control será segredo e realizarase a tódolos participantes.

## **ARTIGO 8.- Penalizacións**

**8.1.-** Transitar por terreo prohibido, que deberá estar informado previamente pola organización e sinalizado correctamente no mapa. **DESCLASIFICACIÓN.**

**8.2.-** Falta de material de seguridade (SG). **DESCLASIFICACIÓN.**

**8.3.-** Falta de material obrigado. **1 PUNTO POR ELEMENTO QUE FALTE.**

**8.4.-** Incumprimento de normas deportivas. **1 PUNTO POR INFRACCIÓN.**



**8.5.- Superar horas de corte ou peche. PÉRDIDA DE TÓDOLOS PUNTOS DA SECCIÓN FEITA E NON PODER SAIR NA SEGUINTE SECCIÓN.**

**8.6.- Non pasar por un paso de control (PC) obrigado. PÉRDIDA DOS PUNTOS DE TODA A SECCIÓN.**

### **ARTIGO 9.- Duración das probas**

En ningún caso excederán de dous días, os casos que así sexan serán estudados no seu intre e tratados excepcionalmente.

### **ARTIGO 10.- Clasificación Xeral da Liga (RANKING GALEGO)**

**10.1.-** Para poder participar no ranking, os clubs e os equipos deberán cumprir os requisitos esixidos nos artigos 1 e 6.

**10.2.-** Existirá unha Clasificación Xeral independente para as categorías de Elite e Aventura (o percorrido optativo de iniciación, Orienta-Raid, non terá ranking). A clasificación ordéase de maior a menor puntuación, segundo a suma total dos puntos ranking de cada equipo, acadados pola súa participación nas diferentes probas, sumando para o total os resultados acadados polo equipo no 60% (axustando o enteiro por enriba) das probas do calendario oficial da tempada, descartándose os resultados restantes de menor puntuación. En TÓDALAS categorías, os equipos teñen que competir obrigatoriamente como equipo mixto en 3 probas do calendario (tendo que sumar para o ranking 2 resultados mixtos obrigatoriamente), obriga que se manterá sempre, aínda que se suspendan probas do calendario aprobado. Os equipos que non compitan tres veces como equipo mixto, deixarán de sumar no ranking unha ou dúas puntuacións, segundo seus casos. Os equipos que organicen unha proba, poderán considerala como participación mixta.

**10.3.-** En caso de anulación dalgunha proba, esta considerarase fora do calendario oficial da tempada, axustando o número de probas puntuables ó 60 % (axustando o enteiro por enriba) do calendario resultante. Nembargantes en caso de anulación de probas, mantense a obriga de puntuar no ranking alomenos como equipo mixto dúas veces, e participar como mixto en tres probas.

**10.4.-** Poderase sumar un resultado como organizador de proba, sendo este igual a media das 3 mellores actuacións do equipo, sen superar nunca a puntuación do equipo gañador da proba organizada. Nas probas de 2 días de duración, os equipos organizadores puntuarán a media das 3 mellores actuacións +20%, sen superar nunca a puntuación do equipo gañador da proba organizada. Cada organización informará o encargado do ranking, previamente a celebración da proba, que equipos (co nome dos compoñentes) puntuarán para o ranking como organización, ata un máximo de 4 equipos.



**10.5.-** En caso de empate a puntos no ranking, terase en conta o número de postos acadados polo equipo como 1º, 2º, 3º ....etc, nas diferentes probas do calendario, ata desfacer a igualada.

## **ARTIGO 11.- Clasificacións parciais nas probas e cómputo do ranking**

**11.1.-** Nas **clasificacións parciais de cada proba**, por norma xeral cada PC validado terá o valor de 1 punto (caso contrario deberá ser informado nos boletíns da proba e quedar ben especificado no libro de ruta) e os equipos se clasificarán por categorías, tendo en conta 1º o número de puntos obtidos segundo PC validados e 2º o tempo real invertido co desconto das bonificacións e neutralizacións, caso de que as houbese.

**11.2.-** Os **equipos compostos íntegramente por mulleres** beneficiaranse dunha bonificación, aplicable por sección. A bonificación consiste en restar, do tempo total-real invertido en cada sección, un tempo equivalente ó 5% dese total-real. O resultado da resta será o tempo computable para a clasificación. Da mesma bonificación beneficiaranse os **equipos compostos parcialmente por mulleres**, tendo en conta que a bonificación so se aplicará nas seccións en que o equipo forme alomenos cunha muller.

Exemplo clasificación:

- 1º Equipo A	25 PC – 6h 45'
- 2º Equipo B	24 PC – 7h 20'
- 3º Equipo C	23 PC – 7h 10'
- 4º <b>Equipo Mixto</b>	<b>23 PC – 7h 30'</b>

Exemplo clasificación con bonus

- 1º Equipo A	25 PC – 6h 45' 00''
- 2º Equipo B	24 PC – 7h 20' 00''
- 3º <b>Equipo Mixto</b>	<b>23 PC – 7h 07' 30''</b>
- 4º Equipo C	23 PC – 7h 10' 00''

**- Bonificación Equipo Mixto 5% \* 7h30' = 22' 30''**

**11.3.-** En **probas de 1 día de duración**, para o computo do **Ranking Galego**, en cada categoría, o equipo que participe obterá un número de puntos en base a súa posición na clasificación xeral, segundo este criterio:

1º	110 puntos	5º	96 puntos	9º	92 puntos
2º	105 puntos	6º	95 puntos	...	diminuíndo un punto ata o último clasificado
3º	101 puntos	7º	94 puntos	...	
4º	98 puntos	8º	93 puntos	Desc.*	0 puntos



**11.4.- En probas de 2 días de duración,** para o computo do **Ranking Galego**, en cada categoría, o equipo que participe obterá un número de puntos en base a súa posición na clasificación xeral, segundo este criterio:

1º	132 puntos	5º	118 puntos	9º	114 puntos
2º	127 puntos	6º	117 puntos	...	diminuíndo un punto ata o último clasificado
3º	123 puntos	7º	116 puntos	...	
4º	120 puntos	8º	115 puntos	Desc.*	0 puntos

(\*O equipos só son desclasificados cando incumpren normas de seguridade ou transitan por terreo prohibido, por tales motivos non merecen ningún tipo de puntuación).

### **ARTIGO 12.- Xurado Técnico**

En cada proba será constituído un xurado técnico, integrado por un representante da organización, 1 representante dos equipos elite inscritos na proba e 1 representante dos equipos aventura inscritos na proba, nomeando a súa vez 1 representante suplente por categoría para o caso de verse implicados os inicialmente designados nalgunha reclamación. A composición do xurado será informada os participantes antes do inicio da proba. As súas funcións serán as de dirimir posibles sancións, reclamacións, etc, sempre acorde ó regulamento, e decidindo mediante votación sempre posicionada. A poder ser resolvendo as reclamacións antes da entrega de premios, e caso de nos ser posible no prazo máximo dunha semana despois da celebración do evento.

### **ARTIGO 13.- Organizadores**

Clubs da Asociación Galega de Clubs de Orientación (AGaCO)

### **Inscripción e Custo**

**ARTIGO 14.-** A correcta formalización da inscrición será responsabilidade de cada equipo, segundo o seguinte protocolo:

- Cubrir o formulario de inscrición.
- Formalizar o pago.
- Enviar formulario de inscrición e xustificante de pago, á organización do evento.
- **PECHE da INSCRICIÓN**, ata o **martes** anterior a celebrar o evento as **22:00 h.**
- **PUBLICACIÓN** listado **INSCRITOS** por parte da organización, antes do **mércores** anterior a celebración do evento, nunca máis tarde das **22:00 h.**
- **COMPROBACIÓN** por parte do equipo de aparecer correctamente no listado de inscritos.
- Prazo para **CORRECCIÓN** ou reclamacións ata o **xoves** anterior a celebrar o evento as **22:00 h.**



- Formalización definitiva o día da recepción do evento. O equipo que incumpra estes pasos e o día da recepción non estea correctamente inscrito, quedara excluído do evento.

**ARTIGO 15.-** As probas de 1 día terán unha cota máxima de 54 € por equipo, máis o custo da licenza raid de 1 día por participante (en caso de non ter licenza anual de raid).

**ARTIGO 16.-** As organizacións de probas de 2 días terán unha cota acorde cas necesidades da proba, segundo estipule a propia organización, e un custo na licenza de raid de fin de semana por participante para esta tempada.

### **Ranking Galego 2012**

Para a elaboración do ranking 2011 as organizacións deberán enviar o formulario oficial o e-mail oficial: [raid@agaco.es](mailto:raid@agaco.es), este e-mail será tamén o canle de comunicacións oficiais entre AGaCO e as organizacións ou equipos participantes na liga para calquera dúbida, proposta, comunicación ou reclamación.

### **Propostas de organización para 2013**

As **propostas** de organización de probas da **Liga Galega de Raid de Aventura 2013**, deberán ser remitidas a [raid@agaco.es](mailto:raid@agaco.es) antes do 1 de Novembro de 2012.